



A Concellería de Medio Ambiente organiza o programa de educación ambiental **VIGODIVERSIDADE**, onde convivirán 50 nenos dos Concellos dos Ancares con 150 do municipio de Vigo, entre os días 14 e 17 de maio.

Esta iniciativa, **de balde** para os participantes, pretende dar a coñecer á poboación infantil de 9 a 12 anos os principios básicos para o coidado do entorno natural no que vivimos, concienciando nestas idades tan relevantes para a educación ambiental sobre aspectos como a importancia da conservación da biodiversidade e os medios de conseguila.

As actividades, organizadas pola Concellería que dirixe a socialista Chus Lago, inclúen **obradoiros ambientais** en VigoZoo e no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e a **observación de estrelas** -a cargo da Agrupación Astronómicas Rías Baixas- nas Illas Cíes.

A ONU declarou o 2010 Ano Internacional da Biodiversidade, no que se organizarán innumerables iniciativas en todo o mundo para difundir información, promover a protección da diversidade biolóxica e alentar ás organizacións, institucións, empresas e público en xeral a tomar medidas directas para reducir a perda constante da diversidade biolóxica global.

## Calendario do programa:

### **14 de maio:**

- Talleres ambientais en Vigo Zoo: A chegada dos 50 nenos de Ancares está prevista ás 16:30 en Vigo Zoo, onde se convocarán aos 150 rapaces do municipio inscritos previamente e se farán os talleres ambientais ata as 20:30 aproximadamente. Finalizada a actividade convocarase de novo aos 200 rapaces ás 10:00 horas do día seguinte.

### **15 de maio:**

- Saída e viaxe: Convócase aos 50 rapaces dos Ancares e aos 150 de Vigo ás 09:30 horas no peirao da Naviera Mar de Ons (Dársena da Laxe) para embarcar e partir á illa ás 10:30 horas.
- Chegada á Illa: Farase unha reunión con todo o persoal de traballo e explicarase aos rapaces a previsión de actividades, reparto de grupos e nome dos monitores responsables, ademáis das normas básicas de convivencia e respecto ambiental na illa.
- Montaxe de tendas: Cada grupo montará a tenda de campaña co asesoramento e apoio dos monitores.
- Comida: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Talleres ambientais: Na tarde do primeiro día os rapaces realizarán varios talleres de educación ambiental a cargo do programa VIGODIVERSIDADE.
- Cea: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Talleres nocturnos de observación de estrelas: A Cargo dos técnicos da Agrupación Astronómica das Rías Baixas, organizaranse actividades de orientación astronómica e observación de estrelas.

- Entrega de chocolate quente: Unha vez finalizados os talleres astronómicos, tomaremos un vaso de chocolate quente antes de ir a durmir.
- Pernocta en tendas de campaña.

### **16 de maio:**

- Almorzo: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Talleres ambientais de mañá: Talleres de educación ambiental a cargo do programa VIGODIVERSIDADE.
- Comida: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Talleres ambientais de tarde: Talleres de educación ambiental a cargo do programa VIGODIVERSIDADE.
- Cea: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Pernocta en tendas de campaña.

### **17 de maio:**

- Almorzo: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Recollida de tendas: Cada grupo recollerá a tenda de campaña co asesoramento e apoio dos monitores. Ademáis os rapaces recollerán as súas mochilas e pertenzas persoais, preparando a viaxe de volta.
- Viaxe de volta: Todo o grupo partirá dende o peirao de Cíes ás 11:30 horas, chegando aproximadamente á Dársena da Laxe ás 12:15, onde deberán estar os pais/nais/titores para recollelos.
- Finalización do programa

## Inscricións

Dende o 3 ao 7 de maio, por rigurosa orde de inscrición.

Os interesados deberán realizar os seguintes pasos:

-**Preinscrición** por teléfono no 986 267 783 (Departamento de Educación de Vigo Zoo), facilitando os datos que lle soliciten de 15:30 a 20:00 horas dende o 3 ao 7 de maio.

-**Confirmar** en persoa a inscrición no despacho de billetes de VigoZoo, os días laborables no horario de apertura do parque e os sábados, domingos e festivos en horario de 10 a 15 horas, asinando o consentimento informado e validando os datos recollidos na preinscrición.

-**Entregar** no despacho de billetes de VigoZoo a documentación solicitada no momento da validación dos datos: (fotocopia da tarxeta sanitaria do participante), nos prazos indicados.

*O último día de confirmación da inscrición no despacho de billetes de VigoZoo e a entrega de documentación será o venres 7 de maio de 2010.*

## Consideracións

-A preinscrición telefónica debe formalizarse coa entrega da documentación en VigoZoo para confirmar a reserva da praza.

-En cada chamada só poderán anotarse os/as rapaces/as de 9 a 12 anos de idade da mesma unidade familiar ou residentes no mesmo enderezo.

-Anotaranse 20 prazas de reserva para poder suplir calquera baixa por enfermidade ou causa maior que implique anular algunha praza. Entre o 10 e 11 de maio a organización porase en contacto telefónico coas persoas anotadas nesta reserva e informará se dispoñen da praza ou non.

-É necesario que os participantes admitidos leven consigo a tarxeta sanitaria durante todo o transcurso dos días de campamento.

